



Resumo de Noticias

4º Trimestre de 2015

OUTUBRO

GRAZAS AOS VOTOS DO PP NO PARLAMENTO GALEGO

850 persoas presas sen acceso aos novos fármacos contra a Hepatite C

O/as doentes de Hepatite C que cumpren condena nas prisións galegas, ao redor de 850, seguirán sen ter acceso aos novos e eficaces tratamentos contra esta doenza, trala negativa amosada polo PP no Parlamento. A situación ten a súa orixe nunha disputa entre o SERGAS e o Ministerio de Interior sobre que institución se debe facer cargo do custe destes tratamentos.

[Ler máis](#)

A PROPRIA POLICIA SÉNTESE "ESTUPEFACTA"

A pesar das probas o asasinato de Jimmy pode ficar impune

Un asasinato que pode ficar impune malia a "estupefacción" da policía, a súa detallada investigación e as declaracións claves dunha testemuña protexida que identifica con nomes e apelidos os presuntos asasinos e que corrobora a versión das forzas de seguridade. Así pode acabar o caso Jimmy, seareiro do Deportivo mallado a paus e atirado a un río hai agora 11 meses en Madrid.

[Ler máis](#)

CONVOCA A CIG

Tamén na Galiza mobilizacións na xornada internacional contra o TTIP

As concentracións, que decorrerán baixo o lema 'Nen CETA con Canadá, nen TTIP con Estados

Unidos', terán lugar ás 12h perante a Delegación do Goberno español da Coruña, na Praza de Armas (Ferrol), na Praza de Galiza (Compostela), na Praza Maior (Lugo), na Subdelegación do Goberno (Ourense), na Praza da Peregrina (Pontevedra) e na Praza de Galiza (Vilagarcía).

[Ler máis](#)

2.700€ DE MULTA POR PARTICIPAR EN MOBILIZACIÓNS

Xulgan activista de 74 anos por tentar deter o despexo de Aurelia Rey

N.A., 74 anos, Republicano de Honra de 2015, será xulgado a próxima terza-feira polas multas interpostas na súa contra tras tentar deter o desaloxo da anciá Aurelia Rey en febreiro de 2013. Neste causa o goberno reclámalle 600€ mais o coñecido activista coruñés acumula multas por máis de 2.700€ tan só pola súa participación nas mobilizacións contra os despexos.

[Ler máis](#)

NOVA LEI DE SEGURANZA PRIVADA

Patrullar, identificar, interrogar, revistar e deter na vía pública

O ministro do Interior, Jorge Fernández Díaz, confirmou que a nova Lei de Seguranza Privada enviada xa polo Congreso ao Senado permitirá que os vixiantes de seguridade poidan patrullar e deter en calquera espazo da vía pública que na actualidade teñen vetados pola lexislación en vigor. Tamén poderán identificar, interrogar e revistar na vía pública persoas sospeitosas.

[Ler máis](#)

A PESAR DAS MÚLTIPLAS PROVAS

Audiencia de Madrid ratifica a liberdade dos supostos asasinados de Jimmy

A Audiencia Provincial de Madrid desestima o recurso contra a excarceración dos catro presumíbeis asasinados do seareiro do Deportivo F.J.R.T. despois de considerar a súa posta en liberdade "plenamente xustificada". Os maxistrados avalan a versión do xuíz instrutor Pedro Merchante, que argumenta que a policía cometeu un erro na identificación do membro dos Riazor Blues.

[Ler máis](#)

A VIVENDA: UN DEREITO FUNDAMENTAL

Amnistía Internacional pede en Lugo o fin dos despexos hipotecarios

"Detrás de cada porta hai unha historia". Ese é o lema escollido por Amnistía internacional para "denunciar que o dereito á vivenda é un dereito humano que se está vulnerando no

Reino de España como consecuencia dos desaloxos hipotecarios". Esixe mudanzas legislativas para que "os xuíces analicen, caso por caso, se é razoable e proporcionado" un desafiuzamento.

[Ler máis](#)

NOVEMBRO

DO 2 AO 5 DE NOVEMBRO DE 2015

III Semana Galega de Loita contra as Fronteiras

O Foro Galego de Inmigración organiza a III Semana Galega de Loita contra as Fronteiras, que contará coa participación de Ainhoa Nadia Douhaibi Arrazola, do colectivo Tanquem els CIEs de Barcelona. Diferentes palestras e a entrega a representantes municipais dos diferentes concellos en que decorrerá a semana do texto dunha moción en favor dos dereitos das persoas migrantes.

[Ler máis](#)

FORA ENVIADA POLA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

Xustiza rexeita denuncia por asasinato en Ourense por estar en galego

O Ministerio de Xustiza acaba de mandar de volta a queixa presentada pola Marcha Mundial das Mulleres en relación ao asasinato de Isabel Fuentes o 8 de maio de 2015 no CHUOU por estar en galego. A institución, através dun conselleiro técnico sinala que o documento se devolve "a fin de que sexa presentado en lingua castelá, conforme ao establecido na lei".

[Ler máis](#)

NUN BOICOTE A NÚÑEZ FEIJÓO NA USC

9 anos de prisión para 3 estudantes por protestaren contra os recortes

Un ano após das detencións producidas durante o boicote a Núñez Feijó que un cento de estudantes protagonizou na Facultade de Matemáticas da USC, en protesto polos recortes en educación, o 10 de decembro serán xulgados tres estudantes (Aarom, Mario e Atanes) para os que a Fiscalía pide 3 anos de prisión (9 en total) e multas duns 1.200 € en concepto de indemnización.

[Ler máis](#)

RECLAMA O COLECTIVO ECOLOXISTA VERDEGAIA

Liberdade para as persoas de Causa Galiza "detidas inxustificadamente"

Un dos membros da Comisión Permanente do colectivo ecoloxista Verdegaia é unha das oito persoas que pasará a disposición xudicial despois de pasar 72 horas detida pola Policía na Operación Jaro, detencións que a Delegación do Goberno xustificou como un dispositivo contra a contorna de apoio a Resistencia Galega e o colectivo ecoloxista cualifica de "totalmente arbitrarias".

[Ler máis](#)

Feijóo participaba nunha conferencia

Mariñeiros do cerco identificados e expulsados dun hotel de Madrid

Segundo informan fontes da *Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (Acerga)*, os mariñeiros foron identificados e expulsados do hotel Eurobuilding, ao que acudiron con intención de protestar pola actual situación do sector despois de se coñeceren as cotas impostas por Bruxelas. No seu interior, Núñez Feijóo participaba nunha conferencia do Club Siglo XXI.

[Ler máis](#)

NOVAS DENUNCIAS DA SITUACIÓN NO CÁRCERE DE TEIXEIRO

Presos agredidos e sen atención médica, actividades nen ensino obrigatorio

O 16/11/2015, Fernando Blanco, en nome e representación de EsCULcA, interpuxo queixa xunto da Defensoría del Pueblo para instar a abertura de expediente e investigación da situación do Módulo núm. 15 do C.P. de Teixeiro (de isolamento) onde, segundo testemuños recollidos polo noso observatorio, se producen vulneracións constantes de dereitos fundamentais.

[Ler máis](#)

PREOCUPACIÓN POLA SITUACIÓN NO CÁRCERE DE TEIXEIRO

Iniciativas no Parlamento Galego en defensa dos dereitos das persoas presas

A deputada Tereixa Paz Franco (BNG) presentou o 16/11 no Parlamento Galego catro iniciativas (dúas Proposicións non de Lei para seren debatidas en Comisión e en Pleno e dous escritos de preguntas ao Goberno Galego para seren respondidos por escrito e oralmente) que visan determinar o alcance das graves vulneracións de dereitos fundamentais denunciadas no C.P. de Teixeiro.

[Ler máis](#)

NO CÁRCERE DA LAMA

Aceptado a trámite recurso contra arquivo de proceso penal por morte

A Audiencia de Pontevedra acaba de estimar o recurso de apelación contra o arquivo ditado nos autos DP 1084/2014 do Xulgado de Instrución núm. 3 de Pontevedra seguidos pola morte de EGS , "Gaviotu". O xulgado de instrución acordara o arquivo do proceso penal instado pola familia que reclamaba a investigación da morte de EGS acontecida no módulo de isolamento do cárcere da Lama.

[Ler máis](#)

EN OURENSE E COMPOSTELA

Coloquio co colectivo Hetaira sobre traballo sexual e dereitos humanos

Falamos de prostitución com o coletivo Hetaira. Eis o lema das dúas palestras que este movemento en defensa dos dereitos das traballadoras sexuais desenvolverá na Galiza os días 20 e 21 de novembro. Será en Ourense, no centro social a Galheira, e en Compostela, no centro social Escárnio e Maldizer. A actividades son promovidas pola Asemblea Feminista de Ourense e o colectivo Mugre.

[Ler máis](#)

PROTESTABAN CONTRA UN ACTO DE FEIJÓO NA USC

Quince meses de cadea a tres estudantes por "atentado contra a autoridade"

A., M. e A., os tres estudantes acusados de boicotearen hai agora un ano un acto de Feijóo na Facultade de Matemáticas da USC, chegaron a un acordo co fiscal e aceptaron cadanseus quince meses de prisión en troca de recoñecer os feitos. Fixérono para evitar a cadea que solicitaba o ministerio público e porque non se cumprían, din, os mínimos requisitos para un xuízo xusto.

[Ler máis](#)

DEMOCRACIA ENVENENADA : 2010-2014

Relatorio de EsCULcA sobre vulneracións de dereitos no espazo público

EsCULcA publica o seu relatorio "Democracia Envenenada", un documento en que se compilan e analizan centos de actuacións político-policiais que supuxeron limitación e intromisión nos dereitos civís, nomeadamente nos dereitos de manifestación, reunión, participación política, expresión e no dereito de folga e liberdade sindical, no período 2010-2014.

[Ler máis](#)

PREOCUPACIÓN POLA SITUACIÓN NO CÁRCERE DE TEIXEIRO

Iniciativas no Parlamento Galego en defensa dos dereitos das persoas presas

A deputada Tereixa Paz Franco (BNG) presentou o 16/11 no Parlamento Galego catro iniciativas (dúas Proposicións non de Lei para seren debatidas en Comisión e en Pleno e dous escritos de preguntas ao Goberno Galego para seren respondidos por escrito e oralmente) que visan determinar o alcance das graves vulneracións de dereitos fundamentais denunciadas no C.P. de Teixeiro.

[Ler máis](#)

RESTITUCIÓN DE MONOLITO CIVIL NO PARROTE

O Alcalde da Coruña responde afirmativamente petición de EsCULcA

Con data 13 de novembro, Xulio Ferreiro, alcalde da Coruña, contestou afirmativamente á petición enviada polo noso Observatorio o pasado 20/10 de iniciar xestións a fin de que o monolito de Acisclo Manzano "Os anxos da esperanza" fose restituído ao seu emprazamento orixinal no Parrote. O monolito civil fora substituído en 2008 por unha representación de carácter relixioso.

[Ler máis](#)

DIRIXENTE SINDICAL EN NAVANTIA E MILITANTE DE EU

O Goberno confirma a discriminación por motivos políticos dun traballador

O pasado ano o Centro Nacional de Intelixencia (CNI) denegou ao X.G.S. e a outros catro empregados do estaleiro a habilitación persoal de seguridade imprescindible para realizar o seu traballo na parte militar das instalacións. A denegación realizárase "sen fundamentarse o motivo", como denunciaba o portavoz do comité de empresa, sendo a primeira vez que isto sucedía.

[Ler máis](#)

DECEMBRO

STOP-RADICALISMOS DO MINISTERIO DO INTERIOR

EsCULcA solicita información sobre mecanismo de denuncias anónimas

Con data 24 de decembro, Fernando Blanco Arce, en nome e representación de EsCULcA, dirixiu escrito ao Ministerio do Interior en que solicita información sobre a implantación dun mecanismo para recoller denuncias anónimas a través dunha aplicación, unha páxina web, un correo electrónico e un teléfono mediante un formulario que inclúe datos especialmente protexidos.

[Ler máis](#)

QUE IMPEDE ACTIVIDADES MUSICAIS NA RÚA DO PASEO

EsCULcA pregunta ao Concello de Ourense sobre actuación da Policía Local

Despois de varios músicos ambulantes teren sido obrigados por axentes da Policía Local a abandonaren a súa actividade na Rúa do Paseo de Ourense, EsCULcA presentou o 23/12 no Concello escrito en que solicita información sobre as razóns que xustifican esta intervención en tanto o propio concello lles nega a concesión de autorizacións para exercitaren o seu traballo.

[Ler máis](#)

NUNHA PAREDE CARENTE DE VALOR PATRIMONIAL

Concello da Coruña multa 4 mozos por pintaren mural en apoio a Palestina

En resolución de 10/12/2015 a concelleira delegada de Medio Ambiente do Concello da Coruña, María García, que actúa, segundo o documento, "por delegación da Xunta de Goberno Local", acordou iniciar expediente sancionador contra 4 mozos por "presunta infracción do artigo 74 da Ordenanza Municipal de Xestión de Residuos Municipais e Limpeza Viaria deste Concello".

[Ler máis](#)

TAMÉN LLES CONFISCARON 3 ESTRELEIRAS

Membros da Mocidade Granate ameazados por policias en Pasarón

O pasado domingo, día 20, membros do Corpo Nacional de Policía e da seguranza privada do estadio, abordaron e ameazaron os membros do grupo Mocidade Granate, seguidores do Pontevedra F.C., antes do xogo coa Cultural Leonesa. Os axentes confiscáronlles 3 bandeiras (estreleiras) e prohibiron os mozos, de entre 15 e 19 anos, exhibiren a faixa co nome da peña.

[Ler máis](#)

RECOÑECE A FISCALÍA

Condena da A.N. a militante independentista provocou "indefensión"

O Tribunal Supremo absolverá previsiblemente o preso independentista C.C., condenado pola Audiencia Nacional a 7 anos de cárcere por facilitar un artefacto que estourou en 2011 ás portas dun banco de Vigo, após que a Fiscalía apoiase esta terza feira que a sentenza da AN na súa contra construíu "un feito novo" e provocoulle indefensión, tal e como explicou a defensa.

[Ler máis](#)

ESCUŁCA